

## SEMENTE DE AMEIXA FINA



### **Nome científico**

*RUDITAPES decussatus*

### **Nome común**

Ameixa fina

### **Descrición**

Xuviais procedentes de criadeiro obtidas baixo condicións controladas e cos controis sanitarios pertinentes.

Alta tolerancia a episodios de seca, variacións na salinidade e temperatura e transportes a longas distancias.

Excelente calidade e alto valor comercial pola calidade da súa carne e a posibilidade do seu consumo tanto en cru como cociñada.

### **Características**

- Orixe: autóctona galega.
- Descrición física: a súa cuncha, en comparación con outras especies, caracterízase por ter ben marcadas as estrías radiais e as lonxitudinais, que debuxan unha patente cuadrícula, sobre todo, na parte posterior.
- Color: moi variable, dependendo do tipo e composición do substrato no que vive. Varía entre gris e castaño escuro, con predominio de tons pardos ou grises.
- Sifóns: longos e separados en toda a súa lonxitude.
- Tasas de crecemento: baixas.
- Resistencia a enfermidades: exemplares dispoñibles libres de enfermidades que aqueixan aos moluscos, certificado por veterinarios oficiais.

### **Observacións**

- Dispoñibilidade: todo o ano.
- Prazo de pedido: un ano de antelación.